

INCENTIVOS Á CREACIÓN MUSICAL: **OBRAS SINFÓNICAS**
POR ENCARGA

20**19** | 20**20**

fundación  **AEOS**



NORMAS XERAIS

A **Fundación SGAE** e a **Asociación Española de Orquestras Sinfónicas** (AEOS), mediante o convenio previamente subscrito por ambas as entidades, estableceron un sistema de **incentivos á creación de obras sinfónicas por encarga** co obxectivo de estimular e apoiar a creatividade dos autores asociados á SGAE. Esta iniciativa constitúe unha acción paralela ás encargas realizadas polas orquestras españolas co propósito de incrementar o repertorio sinfónico español contemporáneo.

A concesión dos ditos incentivos rexerase polas presentes normas:

I REQUISITOS

Respecto do autor

Cada autor candidato a unha encarga de obra deberá ser socio da SGAE e será proposto por unha das orquestras integradas na AEOS.

Respecto da orquestra

Cada orquestra poderá presentar un número máximo de 3 propostas na presente convocatoria.

II LIMITACIÓN DAS PROPOSTAS DE ENCARGA

Os autores designados finalmente para crear unha obra por encarga en aplicación do estipulado no marco destas normas non poderán ser novamente propostos nas TRES convocatorias seguintes destes incentivos. Non se poderán propoñer autores que recibisen un incentivo á creación de obra por encarga durante as tres convocatorias anteriores á presente e/ou que non cumprisen co prazo de entrega en calquera das convocatorias anteriores.

Non se admitirán propostas de orquestras que en convocatorias anteriores resultasen seleccionadas pero non procedesen á estrea da obra sinfónica composta por encarga dentro do prazo esixido nas correspondentes bases.

III FORMULACIÓN DE PROPOSTAS

1. Será responsabilidade da AEOS reunir as propostas formuladas polas súas orquestras membros, co fin de facer-las chegar á Fundación SGAE no seu conxunto.
2. Entre os días **1 e 22 de abril de 2019**, a AEOS deberá entregarlle á Fundación SGAE unha relación nominal dos compositores propostos. A orquestra propoñente deberá acompañar cada unha das candidaturas dunha breve fundamentación, unha síntese biográfica do compositor proposto, o número de execucións que teñen previsto realizar e calquera outra documentación que poida proporcionar información ou enriquecer os criterios da comisión avaliadora designada para conceder os incentivos. Non se poderán propoñer autores que recibisen un incentivo á creación de obra por encarga en 2016, 2017 e 2018.

IV CONSTITUCIÓN, MISIÓN E COMPETENCIAS DA COMISIÓN AVALIADORA

1. A **Comisión Avaliadora para a Concesión de Incentivos á Creación de Obras por Encarga** estará integrada por seis membros: dous pertencentes ao Padroado da Fundación SGAE ou á Xunta Directiva da SGAE (un dos cales ostentará o cargo de Presidente con voto dirimente), un destacado director de orquestra, un compositor e un editor de recoñecido prestixio (que sexan socios estatutarios da SGAE e non ocupen ningún cargo no Padroado da Fundación SGAE ou na Xunta Directiva da SGAE) e un crítico musical ou un musicólogo. Ningún membro da Comisión Avaliadora poderá ser solicitante destes incentivos.

2. A Comisión será convocada polo Director Xeral da Fundación SGAE, traballará na súa sede social e será considerada, para todos os efectos, como calquera outra comisión regulamentaria da Fundación SGAE.
3. A Comisión Avaliadora manterá reunións anuais únicas, ao longo dunha xornada de análise, no mes de xuño.
4. A Comisión Avaliadora analizará as propostas trasladadas pola AEOS.
5. A Comisión Avaliadora daralles prioridade a todas aquelas propostas que garantan máis de unha interpretación das obras por parte das orquestras proponentes.
6. A Comisión Avaliadora será soberana e inapelable nas súas decisións.

V COTA, DOTACIÓN E PAGAMENTO DOS INCENTIVOS

1. A Fundación SGAE, en colaboración coa AEOS, propiciará anualmente a creación de ata 8 obras sinfónicas por encarga.
2. A Comisión Avaliadora resérvase o dereito de non cubrir na súa totalidade a mencionada cota de encargos, e non poderá substituír por outras as propostas da AEOS. Así mesmo, a dotación unitaria establecida non poderá ser fragmentada pola Comisión para ampliar ou modificar as propostas.
3. A dotación económica para cada un dos incentivos á creación de obras sinfónicas por encarga será de **seis mil euros** (6000 €).
4. Os incentivos satisfaranse sen desconto ningún en concepto de gastos de administración e serán obxecto da retención correspondente ao IRPF ou imposto equivalente do país que corresponda de acordo coa lexislación vixente.
5. O mencionado importe aboaráse directamente ao autor en dous prazos: o 50% mediante a correspondente factura despois de formalizar a encarga da obra, e o 50% restante, tamén mediante factura, unha vez entregada a obra rematada (partitura de director) á Fundación SGAE dentro do prazo establecido no punto VII das presentes bases, como constancia para arquivo, quer por medios tradicionais de escritura ou por medios informáticos de almacenamento de documentos, incluído o envío en formato PDF.
No caso de que o compositor non lle entregase á Fundación SGAE a obra rematada (partitura de director) no prazo establecido no punto VII das presentes bases, a Fundación SGAE non procederá ao pagamento do segundo 50% da dotación económica que lle corresponde ao autor seleccionado e solicitaralle expresa e formalmente ao autor que proceda á devolución do primeiro 50% da dotación económica ingresado despois de formalizada a encarga.
6. A partitura entregada á Fundación SGAE como constancia de que a obra foi concluída non exime o autor do seu correspondente rexistro habitual na SGAE.
7. Cada compositor seleccionado deberá entregar tanto unha copia da partitura xeral como as partes ou materiais directamente á orquestra que o propuxo de cara á súa estrea, logo de acordo entre ambos os dous e dentro dos prazos establecidos nestas normas.

VI COMUNICACIÓN DAS ENCARGAS CONCEDIDAS

A decisión final da Comisión Avaliadora ou do Padroado será formalmente posta en coñecemento da Fundación SGAE, que lle comunicará os correspondentes fallos á AEOS antes do día **13 de maio de 2019**. No transcurso dese mesmo mes, a Fundación SGAE comunicarlles aos autores que correspondan a concesión do incentivo.

Unha vez formalizada a encarga, non se admitirá ningunha variación respecto da autoría final da obra.

VII PRAZOS DE ENTREGA E CARACTERÍSTICAS DA OBRA SUXEITA A ENCARGA

1. Os compositores disporán ata a primeira semana de setembro do ano seguinte a aquel no que se notifique a encarga para entregarlle á Fundación SGAE a obra rematada.
2. A obra composta deberá ser inédita, nunca antes presentada en público nin en privado. A súa duración mínima deberá ser de 12 minutos e non se establece límite máximo de duración.
3. O equipo orquestral da composición quedará conformado segundo o interese da orquestra propoñente.

VIII ESTREA DAS OBRAS POR ENCARGA

1. A estrea da obra sinfónica composta por encarga será realizada pola orquestra que no seu día formalizase perante a AEOS a correspondente proposta, agás acordo unánime de todas as partes implicadas (AEOS, Fundación SGAE, a orquestra e mais o autor).
2. En calquera caso, a estrea deberá ser realizada, dentro das dúas tempadas seguintes (2019-2020 e 2020-2021) á notificación da encarga, pola orquestra propoñente ou, chegado o caso, por algunha das orquestras integrantes da AEOS no marco da súa propia tempada de concertos, concertos extraordinarios ou ciclos de música. Calquera alteración deste calendario por situacións imprevistas e debidamente xustificadas tanto polo autor como pola orquestra propoñente deberá notificárselles á AEOS e á Fundación SGAE.
3. Na execución pública das obras, as orquestras comprométense a respectar os dereitos de propiedade intelectual e, concretamente, os dereitos dos editores sobre o alugueiro e uso dos materiais de orquestra, segundo acordo entre a orquestra e os autores, ou as editoriais que os representen.
Para levar a cabo a execución pública das obras inéditas, o autor da obra sinfónica seleccionada e o representante da orquestra deberán outorgarlles á AEOS e á Fundación SGAE a autorización pertinente. A dita autorización será parte do contido do convenio que autor e representante da orquestra deberán subscribir coa Fundación SGAE no caso de resultaren seleccionados.

IX OBRIGAS DOS AUTORES E AS ORQUESTRAS

En todo acto de fixación, reprodución, distribución ou comunicación pública da partitura e da obra deberá figurar a mención “Obra por encarga da Fundación SGAE e a AEOS”.

O compositor e a orquestra de cada proposta que resulte seleccionada deberán asinar conxuntamente un convenio coa Fundación SGAE que deberá conter os termos e as condicións destas bases e as obrigas que cada unha das partes deben cumprir no seo deste proxecto, como por exemplo, as condicións de pagamento da cantidade concedida pola Fundación SGAE ao compositor e as condicións nas que a orquestra levará a cabo a(s) execución(s) pública(s) da obra inédita. A presentación da solicitude por cada autor e orquestra propoñente implica a aceptación tácita por parte destes das condicións e bases establecidas no presente documento e leva consigo a autorización do autor e a orquestra solicitante para que a Fundación SGAE poida difundir información do incentivo concedido nas súas memorias e demais publicacións.

O autor exime a Fundación SGAE e a AEOS de calquera responsabilidade derivada de calquera transgresión da lexislación vixente en que puidese incurrir o solicitante respecto da realización e o desenvolvemento do proxecto.

X FORMALIZACIÓN DOS CONVENIOS COS AUTORES E AS ORQUESTRAS SELECCIONADOS

A Fundación SGAE e mais o autor e a orquestra propoñente que resultasen seleccionados subscribirán un convenio específico que haberá de conter, necesariamente, as bases establecidas no presente documento e a información que enumeramos a seguir, a título enunciativo:

- Dereitos e obrigas de cada unha das partes.
- Prazo de inicio e finalización do proxecto.
- Importe da dotación económica concedida.
- Forma de pagamento.
- Seguimento do proxecto (informe, avaliación, material onde se inclúa a imaxe corporativa da Fundación SGAE e memoria final).

O convenio será formalizado co autor e o representante da orquestra solicitante do incentivo, que deberán cumprir co exposto na cláusula primeira destas bases.

XI DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

Conforme o que establece o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que O COMPOSITOR facilita nesta convocatoria formarán parte dun ficheiro de titularidade da FUNDACIÓN SGAE e AEOS para a xestión da súa solicitude no marco do incentivo cuxas bases declara coñecer. Os seus datos serán utilizados para a posta en coñecemento da súa solicitude á Comisión avaliadora, o envío de comunicacións, a xestión administrativa da súa participación nesta convocatoria, o pagamento do incentivo aos que resulten elixidos a través de Bancos e caixas de aforros, a publicación da resolución da concesión por calquera medio e, en especial, pola Internet, a realización de memorias de actividades da FUNDACIÓN SGAE e/ou da SGAE e AEOS e a publicidade das actividades que a FUNDACIÓN SGAE e AEOS desenvolven.

Ao asinar esta solicitude, O COMPOSITOR consente expresamente no uso dos seus datos persoais para as finalidades anteditas. O titular dos datos poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas dirixíndose á Fundación SGAE, para a atención dos servizos xurídicos, quer por escrito á rúa Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid, quer ao seguinte enderezo de correo electrónico: informacion@fundacionsgae.org, ou a AEOS, para a atención da coordinación, quer por escrito á rúa Mar Caspio, 4, 28033 Madrid, quer ao seguinte enderezo de correo electrónico: info@aeos.es. Este escrito deberá indicar os datos necesarios para a identificación do titular do dereito con especificación do dereito exercido, os motivos e a súa petición concreta, xunto coa fotocopia do seu DNI. A Fundación SGAE e AEOS presumen que os datos facilitados polo interesado son veraces e responden á súa situación actual. O interesado obrígase a comunicarlle a súa modificación á Fundación SGAE e AEOS desde o momento en que se produza.

XII MODIFICACIÓN DAS NORMAS

A Comisión Avaliadora poderá propoñerlle ao Padroado da Fundación SGAE as modificacións normativas que considere oportunas, aínda que a competencia plena nesta materia é exclusiva do Padroado.

XIII XURISDICCIÓN E LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ao presente documento é a española e as partes sométense expresamente á xurisdición dos Tribunais de Madrid capital, renunciando ao foro que puidese corresponderlles.

ORQUESTRAS INTEGRANTES

DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE ORQUESTRAS SINFÓNICAS (AEOS)

A Asociación Española de Orquestras Sinfónicas (AEOS) é unha entidade sen fins de lucro (art. 1 dos seus Estatutos), creada en 1993, que agrupa as seguintes orquestras sinfónicas:

ORQUESTRAS ASOCIADAS

Andalucía

Orquesta Ciudad de Granada
Orquesta de Córdoba
Orquesta Filarmónica de Málaga
Real Orquesta Sinfónica de Sevilla

Asturias

Oviedo Filarmonía
Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias

Baleares

Orquesta Simfònica de les Illes Balears

Canarias

Orquesta Filarmónica de Gran Canaria
Orquesta Sinfónica de Tenerife

Castela e León

Orquesta Sinfónica de Castilla y León

Cataluña

Orquesta de Cadaqués
Orquesta Simfònica de Barcelona i Nacional de Catalunya
Orquesta Simfònica i Cor del Gran Teatre del Liceu
Orquesta Simfònica del Vallès
Orquesta Simfònica Julià Carbonell

Extremadura

Orquesta de Extremadura

Euskadi

Bilbao Orkestra Sinfonikoa
Euskadiko Orkestra Sinfonikoa

Galicia

Orquesta Sinfónica de Galicia
Real Filharmonía de Galicia

Madrid

Orquesta y Coro de la Comunidad de Madrid
Orquesta y Coro Nacionales de España
Orquesta Sinfónica y Coro de RTVE
Orquesta Sinfónica de Madrid

Murcia

Orquesta Sinfónica de la Región de Murcia

Navarra

Orquesta Sinfónica de Navarra

Valencia

Orquesta de Valencia
Orquesta de la Comunitat Valenciana

Orquestras de mozos músicos

Jove Orquesta Nacional de Catalunya
Joven Orquesta Nacional de España

ORQUESTRAS ADHERIDAS

Orquesta Vigo 430 (Vigo, Pontevedra)
Orquesta Sinfónica Freixenet de la Escuela Superior de Música Reina Sofía (Madrid)
Jove Orquesta de la Generalitat Valenciana (Valencia)
Joven Orquesta de Canarias (Ilas Canarias)
Coro e Orquesta Gulbenkian (Lisboa, Portugal)

Entrega de solicitudes e materiais:

Fundación SGAE. Departamento de Música
Bárbara de Braganza, 7
28004 Madrid

Tel. (+34) 91 503 68 00

smoralg@fundacionsgae.org

informacion@fundacionsgae.org

www.fundacionsgae.org

fundación  sgae AEOS

